



---

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### MOCIÓN SOBRE A CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL E PROPOSTA DO SEU REGULAMENTO

Para debater no pleno ordinario de novembro previo debate na comisión correspondente

---

A Xunta de Galicia promulgou en 1986 a *Lei de Consellos Escolares de Galicia* (Lei 3/1986 do 18 de decembro -DOG 26/XII/86) co obxectivo de desenvolver o dereito constitucional á participación na programación xeral do ensino.

Nesta lei indícase que a participación debe extenderse tamén ao ámbito municipal, polo que establece a obrigatoriedade de constituir, naqueles concellos que dispoñan alomenos dun colexio de educación primaria, Consellos Escolares Municipais que serán presididos polo Alcalde e exercerán as competencias que o título terceiro da propia lei establece.

Como desenvolvemento da devandita lei, a Xunta aprobou o Decreto 44/1988 do 11 de febreiro -DOG do 11/III/88-, polo que establece a constitución e o funcionamento dos Consellos Escolares Municipais "concebidos como pezas básicas e fundamentais para a eficaz instrumentalización da participación da comunidade escolar" e acadar, ademais, "un alto nivel de interlocución co poder municipal".

A creación do IES en Cacheiras, o incremento da poboación e o conseguinte medre das necesidades educativas requiren unha maior participación dos sectores afectados na avaliación e programación das necesidades educativas a nivel municipal.

A corporación municipal de Teo aprobou nunha sesión plenaria celebrada en outubro de 1988 a constitución do Consello Escolar Municipal, pero este acordo non chegou a executarse. Con posterioridade, en xuño do ano 2000, o BNG volveu presentar unha iniciativa para efectivizar a súa constitución pero, aprobada de novo por unanimidade, tampouco se levou adiante.

Sen perder a esperanza, voltamos a solicitar a súa urxente constitución, promovendo a discusión dun Regulamento (tanto nos diferentes sectores que participan no proceso educativo coma na propia Corporación) que pode ser a vía adecuada para solventar as dificultades do proceso e conseguir a definitiva constitución.

**En virtude do anteriormente exposto, o BNG propón, para a súa discusión e aprobación, o proxecto de Regulamento do CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL de Teo, mecanismo que debe propiciar a inmediata constitución do devandito Consello, tal como a Lei 3/86 establece e o Decreto 44/88 desenvolve.**

**Para a posta en marcha e aplicación do Regulamento, a Comisión de Educación**

- a) establecerá un calendario
- b) propondrá mecanismos
- c) dinamizará as actuacións necesarias e
- d) debaterá as posibles solucións dos problemas ou imprevistos que puideran presentarse (senpre tendo en conta as competencias da propia Comisión), co

obxectivo de que o Consello Escolar Municipal se constituía nos primeiros meses do próximo curso académico.

En Teo, a 21 de novembro de 2004

Asdo: Rafael Sisto Edreira  
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO

# **REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE TEO**

## **LIMIAR**

O marco constitucional reconece a participación como un valor fundamental na organización do sistema escolar en todos os niveis, dende os centros docentes ata o ámbito estatal, e ese valor é a única vía que permite resolver problemas e buscar solucións a partir do contraste de opinións, do diálogo e do consenso.

Por iso é fundamental educar no exercicio da participación, e esta soamente se aprende se efectivamente se practica. Nese contexto, os consellos escolares son a garantía de que calquera persoa pode exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisito que a súa propia opción voluntaria e sempre que sexa elixido ou designado polo sector que representa.

Os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuir á corrección de desigualdades socioculturais, a conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade, e a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e ás persoas coa súa participación e aportacións.

Teo quere ser un concello educador en todos os sentidos, que viva a educación como un referente básico para a formación da conciencia cívica. Un instrumento determinante para acadar estes obxectivos é o Consello Escolar Municipal de Teo, no que debe confluír toda a comunidade.

No Consello Escolar Municipal atoparase toda a comunidade educativa: mestres, alumnos, nais e pais, traballadores da administración e dos servicios educativos, a Universidade, profesionais de ámbitos diversos e responsables políticos, entre outros.

De acordo co que dispoñen a Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación; a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes; a Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia; o Decreto da Xunta de Galiza 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galiza e os consellos escolares territoriais e municipais, propónse a creación e constitución do Consello Escolar Municipal de Teo segundo o seguinte regulamento:

## **REGULAMENTO**

### **Artigo 1. CONSTITUCIÓN**

O Consello Escolar Municipal constitúese como órgano de consulta e participación cidadá na planificación e intervención educativa do Concello de Teo (A Coruña), coas finalidades e competencias que de seguido se desenvolven.

### **Artigo 2. FINALIDADES**

O Consello Escolar Municipal de Teo configúrase como un órgano de asesoramento,

consulta, proposta e participación nos temas relacionados co ensino non universitario no ámbito territorial do municipio.

Consecuentemente, as finalidades do Consello Escolar Municipal serán as de estudio, asesoramento e emisión de propostas á Corporación Municipal e á Administración Educativa sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incidan na poboación do concello de Teo, buscando a máxima participación de todos os veciños e veciñas, das entidades e dos organismos interesados no feito educativo. O Consello Escolar Municipal é polo tanto un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos Centros escolares no ámbito municipal.

### **Artigo 3. COMPETENCIAS**

1. O Consello Escolar Municipal de Teo deberá ser consultado pola Administración educativa e polo Concello en todas aquelas cuestións relacionadas co ensino non universitario no ámbito municipal.

2. O carácter participativo do Consello na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das competencias que lle son propias: asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración Pública, que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, no seu caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Emprazamento dos Centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos Centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación outorgue aos Concellos en cada momento, con especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.
- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, co obxectivo de acadar unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue aos municipios.
- h) Na programación de investimentos en materia educativa.

- i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

#### **Artigo 4. COMPOSICIÓN**

Ao abeiro do disposto no artigo 16, apartado b) da Lei 3/86 e do artigo 30 do Decreto 44/1988 dos Consellos Escolares de Galiza, o Consello Escolar Municipal de Teo estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.
- b) Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galiza propostos por sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente no municipio, distribuídos da seguinte forma:
- Cinco do ensino público (Procurarase garantir a presenza de todos os tipos de centros: IES, colexios de educación infantil e primaria, e EPRA).
  - Dous do ensino privado
- c) Catro pais/nais de alumnos propostos pola Federación de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (Procurarase garantir a presenza de todos os tipos de centros: IES, colexios de educación infantil e primaria, e CRAs).
- d) Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.
- e) Sete membros designados pola Corporación Municipal do seguinte xeito:
- O director/a do IES de Teo e un director/a dos centros públicos de educación infantil e primaria do concello, proposto/a polos directores/as dos mesmos.
  - Un representante proposto pola/s asociación/s de empresarios do municipio
  - Un representante proposto polo sindicato máis representativo no ámbito docente do termo municipal
  - Un representante das asociacións de veciños inscritas no rexistro municipal correspondente, a proposta das mesmas.
  - Un representante dos Movementos de Renovación Pedagóxica, a proposta dos mesmos.
  - Un especialista en temas educativos nomeado polo Pleno Municipal
- f) Un funcionario da Administración educativa designado polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### **Artigo 5. DURACIÓN DO MANDATO E RENOVACIÓN DOS MEMBROS**

1. O mandato dos membros do Consello escolar Municipal será de catro cursos académicos e farase coincidir coas lexislaturas da Corporación Municipal. Serán revogados ou

ratificados por metade cada dous cursos, en cada un dos grupos polos que foron elixidos.

2. Os membros do Consello Escolar Municipal que o sexan en virtude da representación que ostentan, perderán a condición de tales no momento de perder a cualidade na que foron elixidos.

3. Os membros designados en representación das organizacións sindicais, empresariais ou federacións de nais e pais de alumnos/as, serán ratificados ou substituídos polas instancias que os propuxeron cando teñan lugar eleccións aos órganos rectores daquelas asociacións. Sen prexuízo do anterior, poderán ser revogados se os órganos que os designaron o consideran oportuno.

4. No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O novo membro seráo polo tempo que lle resta ao Consello para completar o mandato.

## **Artigo 6. ORGANIZACIÓN**

O Consello Escolar Municipal do Concello de Teo estrutúrase en Pleno, Comisión Permanente e Comisións de Traballo.

## **Artigo 7. DO PLENO DO CONSELLO.**

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Escolar Municipal e estará constituído por todos os membros do mesmo que se relacionan no artigo 4.

2. Para a constitución inicial do Consello Escolar Municipal o Concello, despois de realizar as comunicacións pertinentes e de promover as eleccións sectoriais necesarias, convocará unha reunión constituínte á que deberán asistir, alomenos, os dous tercios dos seus membros. De non acadarse o quorum requerido, realizarase unha nova convocatoria no prazo dun mes

3. O Pleno reunirse, en sesión ordinaria, unha vez por trimestre, e preceptivamente ao comenzo e final de cada curso escolar.

4. O Pleno xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o/a Presidente, ou ben se o solicitan por escrito, como mínimo, unha cuarta parte dos seus membros.

5. As sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno serán convocadas polo presidente cunha antelación mínima de 72 horas.

As convocatorias irán acompañadas da Orde do Día da sesión, redactada polo Presidente tendo en conta as propostas da Comisión Permanente, e polo borrador da acta da sesión anterior.

6. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando conorra máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Pleno do Consello e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorren alomenos unha terceira parte do total dos membros. Requírese, en todo caso, a presenza do Presidente e do Secretario ou das persoas que legalmente as substitúan.

7. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegábel.

8. Os membros do Consello terán dereito a examinar, dende o momento da convocatoria da correspondente sesión, a documentación dos asuntos que integran a orde do día e a obter copia dela. Tamén teñen dereito a obter copia das actas das sesións da Comisión Permanente e das comisións de traballo, se o solicitan expresamente.

9. De cada sesión, tanto ordinaria como extraordinaria, redactarase a correspondente acta que se transcribirá, despois da súa aprobación, no libro correspondente, co selo do Consello Escolar Municipal de Teo e a sinatura do Presidente e o secretario.

10. O Pleno do Consello poderá elaborar un Regulamento de Réxime Interno, que se remitirá ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva.

### **Artigo 8. DAS COMPETENCIAS DO PLENO**

Son competencias do Pleno do Consello Escolar Municipal

- a) Debater e aprobar os informes e dictames referidos aos puntos explicitados no artigo 3 deste Regulamento.
- b) Elixir os membros da Comisión Permanente.
- c) Ratificar aos Presidentes de cada unha das Comisións de Traballo.
- d) Aproba a creación das novas Comisións de Traballo.
- e) Aprobar a memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal
- f) Aprobar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

### **Artigo 9. DA COMISIÓN PERMANENTE**

1. A Comisión Permanente será elixida polo Pleno do Consello Escolar Municipal e asegurará a representación de todos os sectores.

2. Estará formada por: o Presidente, o Secretario, os Presidentes de cada unha das Comisións de Traballo, un ensinante, un pai/nai de alumnos e un alumno/a.

3. Xuntarase, como mínimo, cada dous meses e cando o considere pertinente o Presidente ou a metade dos seus membros. As convocatorias serán realizadas polo Presidente cunha antelación mínima de dous días, explicitando na convocatoria a orde do día da sesión.

### **Artigo 10. DAS COMPETENCIAS DA COMISIÓN PERMANENTE**

As funcións da Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal son:

- a) Preparar a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno
- b) Preparar os temas, os informes, as propostas e os dictames para seren debatidos polo Pleno do Consello Escolar Municipal

- c) Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.
- d) Coordinar o labor das Comisións de Traballo.
- e) Elaborar a memoria anual da actuación do Consello Escolar Municipal
- f) Elaborar o informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

### **Artigo 11. DAS COMISIÓNS DE TRABALLO**

1. Dentro do Consello Escolar Municipal estableceranse Comisións de Traballo que se poderán xuntar cantas veces o consideren oportuno os seus membros.
2. En cada Comisión de Traballo haberá un Presidente, un Secretario e, alomenos, catro vocais.
3. O Presidente de cada Comisión será elixido no seu seo, e ratificado polo Pleno do Consello Escolar Municipal. Será membro da Comisión Permanente, e portavoz da Comisión diante do Pleno.

O Secretario da Comisión, que será designado polo Presidente da mesma, levantará a acta de cada unha das reunións.

4. No Consello Escolar Municipal funcionarán, alomenos, dúas Comisións de Traballo:
  - Comisión Pedagóxica e de Planificación educativa
  - Comisión de Equipamento Escolar e Infraestruturas

As súas propostas serán elevadas á Comisión Permanente.

5. O pleno do Consello Escolar Municipal poderá establecer outras Comisións de Traballo, se o considera necesario.

### **Artigo 12. DA ASISTENCIA TÉCNICA E O ASESORAMENTO**

O Consello Escolar Municipal, para tratar temas específicos e puntuais (ben sexa en Pleno, Comisión Permanente ou nas comisións de traballo) poderá solicitar a asistencia de persoas de recoñecida valía ou coñecementos nunha materia, ou de entidades afectadas nun problema, con voz pero sen voto.

### **Artigo 13.- DO PRESIDENTE**

O Presidente do Consello Escolar Municipal de Teo. terá as seguintes funcións:

- a) Ostentar a representación oficial do Consello Escolar Municipal
- b) Convocar, presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e da Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal
- c) Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello

### **Artigo 14. DO VICEPRESIDENTE**

1. O Pleno do Consello Escolar Municipal elixirá, entre os seus membros de pleno dereito un

Vicepresidente/a

2. O Vicepresidente asume as atribucións do Presidente en caso de ausencia, vacante ou doenza, e desempeña as tarefas que este lle delegue.

### **Artigo 15. DA SECRETARIA ADMINISTRATIVA E DA DOTACIÓN TÉCNICA**

1. O Secretario do Consello Escolar Municipal será o do concello ou o funcionario/a municipal no que este delegue.

2. A función do secretario comprende o asesoramento legal do Consello, a fe pública de todos os actos e acordos, e a preparación dos expedientes e asuntos que vaian ser obxecto de decisión. Así mesmo, redactará as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión.

3. O Concello de Teo garantirá os medios técnicos e administrativos necesarios para o desenvolvemento do Consello a través dos seus servizos municipais.

### **Artigo 16. DAS MEMORIAS ANUAIS**

O Consello Escolar Municipal, ao remate de cada curso escolar, elaborará unha memoria da súa actuación.

Igualmente, e como dispón o artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de Consellos Escolares de Galicia, e o Decreto 44/1988, de 11-2, o C.E.M. elaborará, ao remate de cada curso académico, un informe sobre o estado do ensino no municipio que enviará, para o seu coñecemento, á Corporación Municipal, ao Consello Escolar Territorial, e ao Consello Escolar de Galicia.

### **Artigo 17. DA SEDE DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL**

A sede oficial do Consello Escolar Municipal será a Casa do Concello, e o lugar de reunión do Pleno e das súas Comisións será aquel que o Concello facilite ou o Pleno do C.E.M. acorde.

### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor despois de trascorrer quince días hábiles a partir da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, de acordo co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.